

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 11 DE

AGOSTO DE 2014

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día once de agosto de dous mil catorce, baixo a presidencia da señora alcaldesa en funcións dona María Jesús González Roel, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Rocio Vila Díaz, dona Marta María Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asisten e presentan escusa don Felipe Andreu Barallobre e don Fernando Caride Suárez.

Intervén como secretaria da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 4 de agosto de 2014

A señora presidenta pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 4 de agosto de 2014 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia

- Orde do 28 de xullo de 2014, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2014 e 2015, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). (Diario Oficial de Galicia número 149, do día 7 de agosto de 2014).

- Resolución do 14 de xullo de 2014, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que

se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 27 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de voluntarios de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes ou mancomunidades. Figura a AVPC do Concello de Cambre cunha subvención por importe de 2.483,78 euros. (Diario Oficial de Galicia número 151, do día 11 de agosto de 2014).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro día 14 de agosto comezan as festas. Engade que o xoves día 14 haberá inchables e xogos tradicionais ás 17.30 horas no parque da Igrexa. Ás 19.30 horas no anfiteatro do parque da Igrexa terá lugar a actuación do grupo vocal "Sisters in the house" e o grupo musical "The Cerne", dentro da programación da rede cultural. A lectura do pregón será a cargo de Susana Seivane, ás 24.00 horas no campo da feira e a continuación a verbena por conta da orquestra Combo Dominicano. O venres día 15 de agosto terá lugar o concerto da banda de música "Sementeira" no campo da feira ás 14.00 horas. Ás 17.30 horas haberá inchables, karts e bicicletas e o festival de polifanía e habaneras (corais de Cambre) e Real Coro de Toxos e Froles, dentro da programación da rede cultural ás 20.30 horas no anfiteatro do parque da Igrexa. A verbena será a cargo da orquestra Fania Blanco Show no campo da feira ás 23.00 horas. Haberá un DJ no descanso. A continuación informa respecto das actuacións para o sábado día 16 de agosto, e así, a partir das 18.00 horas haberá a churrascada popular e a verbena coa actuación da orquestra Paris de Noia ás 23.30 horas no campo da feira. O domingo día 17 de agosto actuará o grupo musical "Amizades" no anfiteatro do parque da Igrexa ás 20.30 horas.

A seguir tamén informa que o venres día 22 de agosto dentro da rede cultural da Deputación provincial actuará o grupo "Brothers in band" banda tributo Dire Straits on the night show. Será no campo da feira ás 22.30 horas e a entrada é de balde.

Para rematar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa que o sábado día 23 de agosto terá lugar a edición XVIII do festival de bandas de música, bandas de música invitadas e banda de música Sementeira no anfiteatro do parque da Igrexa ás 20.00 horas.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que xa se está recibindo a documentación de alumnos e docentes do obradoiro de emprego de atención sociosanitario para o ano 2014-2015.

Engade que esta semana se publicará se non hai incidencia de última hora, a contratación do obradoiro de márketing dixital para a presentación de ofertas. Manifesta que é un programa teórico-práctico que durará entre tres ou catro meses, consistirá en márketing dixital, novas tecnoloxías aplicadas, etc. O obxecto do contrato é o servizo consistente en impartir o contido formativo da especialidade de márketing dixital cun total de 200 horas de duración en horario semanal mínimo de doce horas presenciais en aula e titoría de plans de márketing dixital realizado polos alumnos. Engade que o orzamento é de 31.000 euros.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que se solicitaron os orzamentos para limpar o terreo situado fronte ás dependencias da policía local. Xa chegaron todas as ofertas e ao longo desta semana establecerán a data para efectuar a roza.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que a semana pasada se realizou a medición das rozas efectuadas na primeira fase do contrato e que foi do 29% da roza feita, cando debía ser do 100% e se iniciou o expediente para a resolución do contrato.

Engade que a empresa que presentou a baixa temeraria non se considerou debidamente xustificada. Adxudicouse á seguinte empresa e xa presentou a documentación correspondente, polo que se adxudicará o contrato da segunda fase.

A continuación informa que hoxe están eliminando o tendido eléctrico que había no lateral do concello e se fará subteraneamente.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

A presidenta

Maria Jesús González Roel

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia